



## **CIG-Saúde denuncia que as profesionais da Atención Primaria son penalizadas por ter lista de agarda nas súas consultas cando non depende deles evitala.**

O SERGAS está a penalizar ás profesionais de **medicina de familia, enfermaría e pediatría** por unhas listas de agarda que **non son responsabilidade destes profesionais senón da propia Administración**, que non substitúe ausencias nin dota aos centros de saúde das profesionais necesarias para atender con calidade e sen demoras as necesidades da cidadanía.

O SERGAS está a utilizar un indicador, nos chamados **Acordos de Xestión (ADX)**, que mide a ACCESIBILIDADE NA PRESTACIÓN DE SERVICIOS. Este indicador ten, no caso da medicina de familia, dúas partes, unha mide a **“Demora para consulta”** (demanda) e outra mide a **“Demora para renovación de receitas”**. Se esta demora é  $\geq$  a 4 días descóntase un 6% por cada tipo de consulta do Complemento de Produtividade Variable (CPV), que forma parte do salario da profesional. **No caso da enfermaría, a penalización vai do 10 ao 20%.**

**CIG-Saúde denuncia que:**

- **Fronte a un problema evidente, como son as listas de agarda en Atención Primaria, a solución do SERGAS pasa por penalizar as profesionais.**
- E tamén que, unha vez máis, os chamados Acordos de Xestión (ADX), que non son acordos nin xestionan nada, impoñen indicadores que afectan ás retribucións das profesionais e que en realidade **miden cuestións que son responsabilidade das propias Xerencias.**

Ao final, **as consecuencias das políticas de xestión de persoal** dos últimos 15 anos, que nos deixaron con cadros de persoal minguados e sen posibilidade de recambio, **son utilizadas pola Administración para penalizar ás profesionais.**

## **CIG-Saúde exige a retirada inmediata dos indicadores de demora en Atención Primaria dos ADX.**

